



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Referencia: PCO.001.2024.00556

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ADXUDICA A CONTRATACIÓN DE ESPAZOS PARA DESENVOLVER O “MERCADO DA DEPUTACIÓN” NO MARCO DO FESTIVAL “FESTILETRAS 2024”, EXPEDIENTE PCO.001.2024.00556

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

Mediante Resolución da Presidencia número 34905 de data 28 de agosto de 2024 aprobáronse os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas para a CONTRATACIÓN DE ESPAZOS PARA DESENVOLVER O “MERCADO DA DEPUTACIÓN” NO MARCO DO FESTIVAL “FESTILETRAS 2024”, EXPEDIENTE PCO.001.2024.00556, cun orzamento total de 41.720,80 euros, Imposto do Valor Engadido en diante IVE engadido, e dispúxose que o referido contrato se adxudicase mediante procedemento negociado sen publicidade, por apreciar que concorren as circunstancias previstas no artigo 168.a) 2º da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, en diante LCSP.

O 28 de agosto de 2024 remitiuse a carta de invitación á FUNDACIÓN EDUARDO PONDAL. que, dentro do prazo outorgado para a presentación de proposicións, presentou a documentación establecida nos pregos e ofertou un prezo total de 41.720,80 euros IVE engadido.

Con data 29 de agosto de 2024 remitiuse á FUNDACIÓN EDUARDO PONDAL a invitación para mellorar a oferta, de conformidade co establecido no artigo 170.2 da LCSP e na cláusula 13.3 do prego de cláusulas administrativas particulares.

A mellora proposta supón a redución do prezo inicialmente ofertado, que pasa a ser de 39.179,80 euros IVE engadido.

A Unidade Xestora informou con data 29 de agosto de 2024 en relación coa mellora que:

“Infórmase que:



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Referencia: PCO.001.2024.00556

1. As prestacións indicadas na oferta presentada compren os mínimos establecidas no Prego de Prescricións Técnicas.

2. Apréciase incremento de importes en catro dos conceptos e minoración en outros cinco. Elo non obstante, o prego de cláusulas administras non establece que o prezo do contrato deba formularse en termos de prezos unitarios.

No modelo de oferta económica, figura para o licitador un cadro en branco cos conceptos pero non se lle indica, en ningún caso, que non poidan superar os importes máximos por tipoloxía.

En todo caso, a oferta presentada é inferior ao orzamento de licitación, o que se traduce nunha minoración total de 2.541,00 €, é dicir, do 6,09% respecto do prezo inicial ofertado.

3. No que respecta ao prezo do contrato a FUNDACIÓN EDUARDO PONDAL presenta, polo tanto, unha mellora ao producirse unha minoración do prezo, sendo o prezo final ofertado de 39.179,80€ (IVE incluído).

Considerase correcta e substancial esta oferta para proceder á adxudicación do contrato polo procedemento establecido no expediente.”

Consta no expediente a documentación establecida no prego de cláusulas administrativas particulares e a fundación acreditou estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e autoriza a descontar a garantía definitiva por importe de 1.619,00 euros (5% do prezo, excluído o IVE) da factura pola que se lle aboe o prezo do contrato, polo que non é preciso efectuar o requirimento previsto no artigo 150.2 da LCSP.

Polo exposto, vista a oferta formulada pola Fundación e considerando que inclúe todas as prestacións que forman parte do obxecto do contrato e que se axusta ao presuposto de licitación autorizado,

RESOLVO:

1º) Adxudicar mediante procedemento negociado sen publicidade, por apreciar que concorren as circunstancias previstas no artigo 168.a) 2º LCSP, a CONTRATACIÓN DE ESPAZOS PARA DESENVOLVER O “MERCADO DA DEPUTACIÓN” NO MARCO DO FESTIVAL “FESTILETRAS 2024”, EXPEDIENTE PCO.001.2024.00556 á FUNDACIÓN



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Referencia: PCO.001.2024.00556

EDUARDO PONDAL, NIF G70262951, con domicilio no lugar do Couto, Ponteceso (A Coruña), nas seguintes condicións:

1.1. Información do contrato:

Tipo de contrato: Servizos.

Procedemento: Negociado sen publicidade (artigo 168.a) 2º LCSP).

1.2. Prezo:

Concepto	Detalle	Prezo sen IVE €
CASETA/POSTOS	20 stands de 2,4m*2,4m	7.180,00
SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA	1 xenerador	2.400,00
	20 puntos dotación de electricidade aos postos	2.200,00
IDENTIFICACIÓN DS POSTOS	20 Identificacións individuais produtora / artesán	1.980,00
SON	Aluguer 1 equipo de son	2.000,00
PUBLICIDADE	Deseño e impresión de carteis e programa.	2.000,00
	Lonas e paneis, sinalización	2.920,00
	Difusión en medios escritos	2.700,00
	Reportaxe fotográfico e vídeo	2.000,00
LIMPEZA E HIXIENE	Servizo de limpeza 3 días	2.000,00
	Estrutura homologada de aseos portátiles	2.000,00
SEGURIDADE	Servizo 24 horas, 3 días	3.000,00
TOTAL sen IVE		32.380,00
IVE		6.799,80
TOTAL		39.179,80

* Oferta final mellorada pola empresa: redución do prezo inicialmente ofertado, que pasa a ser de 39.179,80 euros IVE engadido.

1.3. Prazo de execución: O Mercado da Deputación da Coruña dentro do "Festiletras 2024" terá lugar os días 30 e 31 de agosto e 1 de setembro de 2024, salvo que por causas sobrevindas solicitácese un aprazamento do mesmo, tendo un límite de execución no 31 de decembro de 2024.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Referencia: PCO.001.2024.00556

1.4. Financiamento: O contrato poderá abonarse con cargo á partida 0510/4142/22699 documento contable A con número de operación: 220240040389.

Prodúcese unha economía na execución do contrato de 2.541,00 euros, que deberá ser tida en conta a efectos contables.

2º) Requirit o adxudicatario para que concorra a formalizar o contrato o día que para o efecto se lle sinale, dirixíndose previamente á Tesourería Provincial para realizar o pago das taxas por formalización de contratos administrativos, advertíndolle de que si non cumpriše os requisitos para a celebración do contrato no prazo establecido, seguiranse os trámites e efectos previstos no artigo 153.4 da LCSP.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá optar por interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Presidente da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña, dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte o da notificación do presente acordo. No seu caso, poderá interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte o da notificación da presente resolución. Non obstante, se o considerase conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.